

## SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

Achégase para o seu coñecemento a seguinte información tal e como consta na **INSTRUCCIÓN 2/2023, DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES, DO 1 DE XUÑO, SOBRE FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES DE XESTIÓN DIRECTA NO CURSO ESCOLAR 2023-2024**

*“Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que **en tres ocasións** non comuniquen a súa ausencia antes das 9.45 horas do día que deba ter efecto, serán suspendidos pola Dirección do centro ao dereito ao uso do servizo de comedor durante 10 días.”*

**Nota do centro:** Non contarán as ausencias imprevistas.

### *Pagamento a través do Espazo Abalar*

*“Así mesmo, os impresos de pagamento estarán dispoñibles directamente para os usuarios do Espazo Abalar sen necesidade de acudir ao centro para obtelos. Ademais, o pagamento por esta vía é comunicado automaticamente á aplicación COMEDORES, polo que os suxeitos que empreguen este sistema non terán que presentar xustificante algún no centro.”*

### *Pagamento a través da Oficina virtual tributaria*

*“Igualmente, as persoas interesadas poderán utilizar a oficina virtual tributaria para realizar os pagamentos de xeito telemático. Os suxeitos que opten por esta vía deberán presentar no centro, nos 20 primeiros días de cada mes, os xustificantes de pagamento correspondentes.”*

*“A falta de aboamento total ou parcial do importe do servizo por parte dos usuarios será causa de perda da praza de comedor por acordo do Consello Escolar do centro. Os incumprimentos no pagamento dos prezos públicos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, para a cal contarase cun prazo máximo de 2 meses.”*

Moitas grazas pola súa colaboración.